



FRIDA KAHLO, DESGRACIADA DENDEN A SÚA XUVENTUDE

"Me retrato a mí misma porque paso mucho tiempo sola y porque soy el motivo que mejor conozco"

Magdalena Carmen Frida Kahlo Calderón; máis coñecida como Frida Kahlo, naceu o 6 de Xuño de 1907 en Cayoacán, unha vila da Cidade de México.

En 1913 Frida enferma de poliomielitis, e como consecuencia diso o seu pé dereito queda lixeiramente deformado.

No 1922, a artista ingresa na Escuela Nacional Preparatoria para prepararse para a carreira de medicina. Foi alí onde Frida coñece ao que anos despois sería o seu marido, Diego Rivera.

O 17 de Setembro de 1925, Frida sofre un accidente de tráfico, o autobús no que ela ía chocou con un tren. Este accidente vai marcar toda a súa vida, e iso reflectirase na maioría dos seus cadros.

Como consecuencia, Frida pasará un mes no hospital da Cruz Vermella, onde iniciará a súa afección á pintura.

En 1928 Diego Rivera e Frida Kahlo reencontráronse cando ela se fai membro do PCM (Partido Comunista de México), alí namórase, un ano



despois Frida e Diego casan. Pouco despois Kahlo abandona o PCM, cando o seu esposo é expulsado.

A principios de 1930, Frida sofre o seu primeiro aborto provocado, a causa dunha das consecuencias do accidente. Dous anos despois (4-7-32) Frida Kahlo sofre o seu 2º aborto no Henry Ford Hospital en Detroit. A tristeza provocada por esta perda reflíctese no seu cadro "La cama volando", no que a figura da pintura está nunha cama situada nunha zona cha, este cadro transmite pena, tristura....

No 1934, esta debe interromper un novo embarazo de tres meses, xorde unha historia amorosa entre a súa irmá e Diego Rivera. Un ano máis tarde ela coñece un escultor americano Isam Noguchi, con



FRIDA KAHLO, DESGRACIADA DENCE A SÚA XUVENTUDE

quen vive outra aventura amorosa.

No 1938, exactamente en Outubro/Novembro ten lugar, cun gran éxito, a primeira exposición individual da artista, aínda non pasa un ano e Frida xa viaxa a París, onde expón os seus traballos na Galería Renou & Colle; alí coñece numerosos pintores surrealistas. Divórciase de Diego Rivera, pero meses máis tarde volven casar. Mentres ela comeza a escribir o seu diario, no 1943 obtén un posto docente na Escola de Arte. Logo con este cadro "Moisés" obtén o premio nacional de Pintura, a idea para este cadro proporcionoulla o libro "Sigmund Freud", prestado por Jose Lauvin, un dos seus mecenas, o libro gustaralle moito e en só tres meses xa o acabara. Na figura central, o neno Moisés abandonado, parécese a Diego Rivera.

A vida de Frida, foi unha vida chea de complicacións, xa que foi operada sete veces da columna vertebral e pasa nove meses no hospital, tras un longo tempo no hospital, vese obrigada a desprazarse en cadeira de rodas.

Outro cadro moi re-



presentativo é "La columna rota". Cando empeorou o seu estado de saúde e viuse obrigada a levar o corsé de aceiro, pintou este autorretrato en 1944, unha columna xónica con diversas fracturas simboliza a súa columna vertebral ferida.

Finalmente, enferma dunha infección pulmonar, morre o 13 de xullo de

1954 na "Casa Azul" en Cayoacán. Catro anos máis tarde é inaugurado o Museo Frida Kahlo e entregado ao pobo mexicano, segundo o desexo de Diego Rivera, morto no 1957.

LUCIA MEJUTO, S4C
ANITA PAZOS, S4B